



M<sup>a</sup> DEL MAR PÉREZ CAAMAÑO, SECRETARIA-INTERVENTORA DO  
CONCELLO DE SOBRADO (A CORUÑA),

**C E R T I F I C O:** Que por Resolución da Alcaldía nº 17/2016 de data 15/02/2016,  
aprobáronse as seguintes Bases e convocatoria para a selección dun técnico deportivo.

**“BASES PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO DUN/DUNHA  
TÉCNICO DEPORTIVO EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.**

**1.- Obxecto da Convocatoria.**

É obxecto desta convocatoria a selección dun/dunha Técnico Deportivo, dentro do programa de apoio ao deporte regulado pola Convocatoria da Deputación da Coruña (B.O.P. nº 221, de 18 de novembro de 2015), pola que se establecen o programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2016.

A contratación farase baixo o réxime de laboral temporal e a súa duración será ata o 31 de decembro de 2016. Esta duración queda condicionada a que o Concello de Sobrado resulte beneficiario do programa de subvencións para a contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2016 da Deputación Provincial da Coruña. Si o concello de Sobrado non resultase beneficiario o contrato extinguirase no momento en que este Concello teña coñecemento fehaciente de tal circunstancia.

O contrato será a xornada completa con dispoñibilidade horaria.

As retribucións estimadas serán de 1.136,00 € brutos mensuais, incluída a prorrata de pagas extraordinarias.

As funcións e tarefas que han ser desempeñadas pola persoa seleccionada consistirán en desenvolver os programas deportivos do concello, e en especial o relacionado co deporte escolar e federado, realizar tarefas de apoio a xestión deportiva do concello, colaborar nas campañas deportivas da Deputación e participar nos cursos de formación que esta convoque, respectando os requisitos recollidos na citada convocatoria, en todo o relacionado á contratación e tarefas a realizar.

**2.- Requisitos dos aspirantes:**

Para ser admitido ás probas será necesario:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira.

- d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- f) Estar en posesión da licenciatura en Educación Física ou diplomatura en Maxisterio, Educación física ou técnico susperior en animación de actividades físicas e deportivas.
- g) Estar en posesión do permiso de conducir B1.

### 3.- Solicitudes

As solicitudes, presentaranse mediante instancia dirixida ao Sr. alcalde do concello de Sobrado, no Rexistro Xeral do concello no prazo de sete días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As instancias tamén poderán remitirse en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Si a solicitude non se presenta no Rexistro do concello de Sobrado, debe enviarse constancia da mesma ao fax 981787577 dentro dos días establecidas para a presentación de solicitude.

Á instancia acehgaranse inescusablemente:

- a) Fotocopia do DNI ou documentación equivalente.
- b) Orixinal ou fotocopia compulsada do título esixido na base 2. f) e 2. g).
- c) Relación circunstanciada dos méritos que se aleguen, unindo á devandita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas).

Rematado o prazo de presentación de instancias ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de presentados que será publicada no taboleiro de anuncios deste Concello, concedendo o prazo de dous días para reclamacións. Se non hai reclamacións, a anterior será considerada definitiva. Nesta lista definitiva figurará a composición do tribunal, lugar, data e hora do desenvolvemento do concurso.

### 4.- Valoración do Concurso

Constará de dúas fases: valoración de méritos e entrevista curricular.

1.-Valoración de méritos:

Valoraranse os seguintes méritos:

- a) Outras titulacións de carácter deportivo relacionadas co traballo a desempeñar polo técnico deportivo, distintas da achegada como requisito para participar nesta convocatoria e emitidos por centros educativos e organismos homologados para o efecto:
  - Título de grado ou licenciado: 1,5 puntos.
  - Título de diplomado: 1 punto
  - Título de técnico superior: 0,50 puntos.

A puntuación máxima por outras titulacións será de 2 puntos

- b) Cursos, seminarios, xornadas relacionadas coas funcións propias do posto obxecto desta convocatoria:





- Por cursos realizados de ata 10 horas: 0,10 puntos
- Por cursos realizados de 11 a 100 horas: 0,25 puntos
- Por cursos realizados de 101 a 200 horas: 0,75 puntos
- Por cursos realizados de máis de 200 horas: 1,00 puntos

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar a súa duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Dentro da denominación de “curso” entenderanse incluídos os “seminarios”, “xornadas” e “simposios” e termos equivalentes.

Só se estimarán os cursos impartidos por organismos da administración, institucións públicas ou centros homologados para o efecto.

A puntuación máxima será de 2,5 puntos.

- c) Coñecemento do galego:
  - Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
  - Celga 4 ou equivalente: 1 punto.

A puntuación máxima por coñecemento do galego será de 1 punto.

- d) Experiencia profesional:
  - Servizos prestados en postos de igual natureza nas Administracións Públicas: 0,10 puntos por mes de servizo completo.
  - Servizos prestados en postos de igual natureza en empresas privadas: 0,05 puntos por mes de servizo completo.

A puntuación máxima neste apartado será de 2,5 puntos.

Os méritos alegados polos aspirantes dedebéranse acreditar do seguinte xeito:

- Os servizos prestados na administración pública, mediante certificación expedida pola autoridade ou funcionario competente, que reflecta o corpo ou grupo profesional de pertenza así como as funcións realizadas, ou contratos de traballo debidamente rexistrados polo INEM. Deberá acompañarse como xustificante a vida laboral expedido polo Organismo competente da Seguridade Social.
- Os servizos prestados en empresas privadas, mediante presentación do medelo oficial de certificado de empresa ou certificado de vida laboral aos que se deberán acompañar os contratos de traballo debidamente rexistrados polo INEM.

2.-Entrevista curricular:

Entrevista curricular sobre as funcións a realizar valorada cun máximo de 2 puntos.

Os aspirantes serán convocados á entrevista en único chamamento e por orde alfabética, e serán excluídos do proceso selectivo os que non comparezcan, agás os casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

**5.- Cualificación final.**



A cualificación final será o resultado de suma-la puntuación obtida na fase de valoración de méritos alegados e debidamente xustificados e a entrevista curricular. Dado que en ningún caso o número de aprobados pode ser maior que o número de prazas convocadas, resultará seleccionado aquel aspirante que obtivera maior puntuación.

#### **6.- Tribunal cualificador.**

Será designado polo alcalde-presidente e terá a seguinte composición:

- Presidente: Un funcionario da Administración local.
- Secretario: O da Corporación.
- 3 Vogais funcionario ou persoal laboral da Administración local.

Os membros do tribunal deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

Ao rematar o proceso selectivo o tribunal publicará unha relación coa puntuación acadada, en orde descendente, e elevará ao Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación a favor do candidato que obtivera a maior puntuación total. En caso de empate aplicarase o criterio da maior puntuación obtida na fase de valoración de méritos.

Se algún candidato inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación do Tribunal seleccionador sería a favor dos seguintes con maior puntuación total.

#### **7.- Presentación de documentos**

O aspirante seleccionado presentará a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na base segunda no prazo de cinco días naturais a contar dende a publicación da lista de seleccionados.

Cumplidos os anteriores requisitos, o Presidente da Corporación procederá a formalizar o contrato.

#### **8.- Incidencias**

O tribunal cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do Concurso en todo o non previsto nestas Bases.

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.”

E para que así conste, expido a presente certificación da orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Sobrado, a dezanove de febreiro de dous mil dezaseis.

Vº e pr.

O Alcalde,

